



PLAN LECTURA



Plan de lectura, curso 2022/23

IES A Xunqueira II

Pontevedra



SEMGAL

PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO ESCOLAR



Índice

1.	Marco legal	3
2.	Obxectivos	3
1.	Para o profesorado	3
2.	Para o alumnado	4
3.	Para as persoas responsables de alumnado	5
3.	Responsables e coordinación	5
1.	Equipo directivo	5
2.	Biblioteca, marcadas nas liñas prioritarias de actuación de cada curso	5
3.	Comisión de coordinación pedagóxica (en adiante CCP)	6
4.	Plan dixital (en adiante PD)	6
5.	Departamento de orientación e titorías	6
6.	Departamentos didácticos	6
4.	Código de boas prácticas	6
5.	Seguimento e avaliación	7
1.	Instrumentos de avaliación	7
2.	Criterios de avaliación	7
6.	Elaboración e revisión deste documento	8

1. Marco legal

O Plan de Lectura (en adiante PL) busca a mellora das competencias clave de lectura e de escritura do alumnado en tódalas áreas do currículo e fomentar o hábito e o gusto pola lectura.

Tanto o artigo 36 do Decreto 156/2022 (ESO)¹ coma o artigo 34 do Decreto 157(2022)² indican que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencia clave.

Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promoverla como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborador e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

2. Obxectivos

Os obxectivos poden resumirse nun principal: facer da formación lectora e escritora e asemade da competencia informacional e documental uns dos elementos clave da actividade educativa.

Encamiñados á consecución deste obxectivo fundamental márcanse os seguintes máis concretos.

1. Para o profesorado

- Vincular **lectura, escritura e expresión**.
- Colaborar na educación documental ofrecendo ao alumnado pautas de procura, selección e tratamento da información cada vez que se lle propoña un traballo de investigación.

¹ DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

² DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

- Incentivar a creación de todo tipo de textos por parte do alumnado.
- Permitir e propiciar na aula o intercambio de experiencias lectoras comentando artigos de xornal ou revistas especializadas e sitios web relacionados con determinados contidos, promovendo o debate sobre determinados libros, discos, películas...
- Fomentar o interese pola lectura e cara a outros horizontes lectores.
- Fomento da **lectura como pracer**.
- Prestixiar a biblioteca como centro de información e espazo de lecer, evitando as connotacións negativas do seu uso disciplinario ou como lugar de custodia.
- Afrontar de forma áxil e tan pronto como se detecten as carencias na formación lectora a fin de garantir que se acadan as competencias básicas.
- Crear foros de reflexión e debate sobre fórmulas que incentiven no alumnado o interese pola lectura (nos departamentos, na CCP, no claustro ou no consello escolar).

2. Para o alumnado

- Fomentar as actitudes positivas cara os libros e as actividades relacionadas coa lectura.
- Ter unha actitude aberta que derive na lectura de diversos tipos de textos, formatos e xéneros buscando o descubrimento dos seus gustos e preferencias lectoras.
- Comprender a lectura como algo máis que unha ferramenta académica.
- Reforzar a formación de persoas usuarias: ensinalles a moverse na biblioteca, a localizar os libros e a coñecer o sistema de clasificación CDU.
- Entender a biblioteca como un lugar de asesoramento lector.
- Recoñecer a necesidade, importancia e utilidade de saber enfrontarse coa competencia adecuada aos textos: procurar a información, seleccionala, analízala e emitir opinión crítica sobre a mesma.
- Ser persoas usuarias activas na web, discernindo as informacións fiables das que non o son.
- Respetar os dereitos do lector e ofrecer tempos e espazos arredor da lectura que lles permitan con liberdade falar de libros.
- Participar nas actividades organizadas desde as diferentes áreas educativas

(biblioteca, departamentos, orientación...) encamiñadas ao fomento da lectura e escritura e a formación informacional ou documental.

3. Para as persoas responsables de alumnado

- Valorar importancia da lectura para a adquisición das competencias básicas: un bo nivel de lectura é parello en moitos casos ao éxito académico.
- Valorar a lectura, interesándose polas lecturas que as súas/os seus fillas/os realizan tanto no ámbito académico como no persoal.
- Solicitar información sobre a evolución das súas/os seus fillas/os no desenvolvemento destas competencias.
- Apoiar as tarefas de formación lectora na casa cunha actitude positiva cara o profesorado e insistindo na realización de tarefas como a lectura en voz alta e a comprensión lectora, promovendo deste xeito que o lector sexa capaz de explicar coas súas propias palabras as lecturas realizadas, entre outras actividades.
- Participar nas actividades do centro deseñadas para a súa implicación.

3. Responsables e coordinación

O labor docente e o centro educativo, cos seus órganos de coordinación, deben velar pola mellora do que debe ser unha das direccións básicas, senón a máis importante, da acción educativa.

As tomas de decisións, reflexionadas e consensuadas, virán desde:

1. Equipo directivo

- Procura do cumprimento dos acordos e busca dos tempos de reflexión e debate arredor destas cuestións.
- Apoio á Hora de Ler.
- Fomento do traballo coordinado do equipo da biblioteca
- Apoio das actividades de animación á lectura deseñadas desde diferentes ámbitos.

2. Biblioteca, marcadas nas liñas prioritarias de actuación de cada curso

- Organización e xestión técnica da biblioteca
- Dinamización e animación mediante actividades diversas
- Formación de persoas usuarias
- Coordinación, seguimento e avaliación da Hora de Ler

3. Comisión de coordinación pedagóxica (en adiante CCP)

- Avaliación e propostas de mellora do PL, procurando sempre a mellora da calidade lectora e do gusto pola lectura.

4. Plan dixital (en adiante PD)

- Asegurar a presenza de textos para a formación documental como fundamentais, entre outros.

5. Departamento de orientación e titorías

- Aproveitamento dos recursos da Biblioteca (textuais, fílmicos...) para o traballo de acción tutorial.
- Organización de tarefas para o traballo arredor da formación documental e informacional (ALFIN/AMI)

6. Departamentos didácticos

- Concreción da formación lectora e escritora nos currículos: concreción do tratamento da lectura, traballo por proxectos e itinerarios lectores (obrigatorios e/ou opcionais)
- Inclusión nas programacións das competencias ALFIN e AMI.
- Participación no proxecto da biblioteca.
- Reflexión pedagóxica e metodolóxica sobre as posibilidades de creación de espazos propicios para a lectura, o reforzo da comprensión e a creación e a consolidación de hábitos de lectura.

4. Código de boas prácticas

O código de boas prácticas debe ser elaborado co acordo da CCP e de seguimento recomendado para todo o profesorado.

Entre os aspectos a desenvolver están os seguintes:

- **Hora de ler:** Dirixida ao alumnado de 1º e 2º da ESO. Desenvólvese diariamente durante 15 minutos á volta dos períodos de lecer. A biblioteca fará unha proposta de títulos, procurando incluír textos variados: narrativa, poesía, teatro, banda deseñada, divulgación científica. Evidentemente a selección está aberta a modificacións segundo a demanda do alumnado e as propostas do profesorado implicado na actividade. Os libros están dispoñibles nunha sección específica da biblioteca á que acode o alumnado para retirar ou devolver as súas

lecturas. Os empréstitos e devolucións serán rexistrados no programa Meiga, deste xeito poderase facer un seguimento non só do número de libros que le cada alumna/o, senón tamén dos seus intereses.

- **Club de lectura:** Aberto a todo o alumnado do centro. Ao comezo do curso organizaranse os grupos segundo as solicitudes de participación e na primeira sesión escollerase o primeiro libro a ler. Atenderanse as suxestións dos membros pero sempre supervisadas polo responsable do Club de lectura.

Nas reunións poñerase en común a lectura realizada e marcarase o contido da seguinte reunión.

O Club de Lectura presentará como fonte de difusión o seu blog:

- <http://bibliototem.blogspot.com.es/>

5. Seguimento e avaliación

1. Instrumentos de avaliación

- Enquisas ao alumnado sobre os seus intereses lectores e de avaliación inicial das competencias traballadas co PL. Faranse desde a “Hora de Ler” ou as diferentes áreas.
- Informes facilitados por parte do profesorado da “Hora de Ler”.
- Estatísticas extraídas do programa Meiga /koha arredor do préstamo de libros.

2. Criterios de avaliación

- Interese pola lectura do alumnado.
- Grao de evolución da complexidade das lecturas realizadas libremente polo alumnado ou da experiencia lectora acumulada.
- Nivel de comprensión lectora e de reflexión a partir dos textos.
- Nivel de competencia no manexo da información (competencia ALFIN/AMI).
- Competencia na expresión oral e escrita.
- Enquisas ao alumnado sobre os seus intereses lectores e de avaliación inicial das competencias traballadas co PL. Faranse desde a “Hora de Ler” ou as diferentes áreas de linguas.

6. Elaboración e revisión deste documento

Para a elaboración deste documento pártese desta proposta facilitada pola dirección do centro coa seguinte temporalización:

Temporalización	Tarefa
Marzo de 2023	Presentación da proposta deste documento á CCP
Abril de 2023	Propostas de mellora presentadas polos departamentos. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Finais de abril de 2013	Presentación ao claustro e consello escolar
Maio de 2023	Propostas de mellora presentadas pola comunidade educativa. (sempre por correo electrónico a ies.xunqueira.2@edu.xunta.gal)
Xuño de 2023	Aprobación polo claustro e consello escolar
Anualmente no 1º trimestre	Revisión e actualización do documento polo equipo directivo, logo da consulta e achegas dos membros da CCP a través dos foros de coordinación da aula virtual
Outubro de 2027, (cada 4 anos)	Reelaboración do plan